



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA, E INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, SA (INCOLSA) PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DO APÓSTOLO 2018.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa entidade Información e Comunicación Local, S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e INCOLSA, para o apoio á celebración e promoción das Festas do Apóstolo 2018, que terán lugar no mes de xullo de 2018, por considerar este evento como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo, e no exercicio das súas funcións, a esta entidade correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde



naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais, e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Segundo.- O concello de Santiago de Compostela ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia. O Concello de Santiago exerce esta competencia a través da sociedade municipal Información e Comunicación Social, S.A., (INCOLSA), medio propio do devandito concello.

Terceiro.- No mes de xullo de 2018 celebráranse as Festas do Apóstolo, declaradas Festa de Interese Turístico Internacional no ano 2001. Estas celebracións dedicadas ao Apóstolo, patrón de Santiago e de Galicia, son as festas turísticas da cidade por excelencia, destacando tamén unha importantísima participación de peregrinos de todos os países, e nelas conviven a solemnidade relixiosa e oficial, o sabor popular, e a animación, que converten a toda a cidade nun gran festival.

Cuarto.- Durante toda a segunda quincena do mes de xullo as actividades culturais destacan pola súa calidade e diversidade, aínda que o 24 e o 25 de xullo son os días grandes. Tradicionalmente, a noite do 24 hai un impresionante espectáculo de fogos artificiais en honor ao Apóstolo, ao tempo que se queima o gran castelo de piroctenia que imita a fachada gótica da Catedral. O 25, durante a misa solemne que se celebra na catedral, o Rei ou un delegado da Casa Real fai a tradicional ofrenda ao Apóstolo Santiago. Nesta misa pódese ver o botafumeiro, extraordinario incensario de xigantescas dimensións, balancearse na Catedral perfumándoa e envolvéndoa nun halo místico. O 25 é tamén o día de Galicia, con actos que congregan milleiros de galegos e galegas na cidade. A celebración péchase o día 31 de xullo con outro espectáculo de fogos artificiais.

Que a través deste convenio, outórgase a Información e Comunicación Local, S.A. unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de





conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

